



PLAN DIXITAL

[IES AGRA DO ORZAN]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración

2. **Situación de partida**
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 - 2.3. Análise DAFO

3. **Plan de Acción**
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. **Avaliación do PD**
 - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
 - 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. **Difusión do PD**

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

a. Nome: **IES AGRA DO ORZÁN** b. Localización: Rúa Alcalde Liaño Flores, s/n 15010 A Coruña
c. Comunicación: Tel.: 881 88 00 80 - Fax: 881 88 00 83.

E-mail: ies.agra.orzan@edu.xunta.es <http://www.edu.xunta.es/centros/iesagraorzan/>

O IES Agra do Orzan é un Centro público escolariza alumnado prioritariamente dos barrios do Agra do Orzán e do Ventorrillo. Nel impártese o Ensino Secundario Obrigatorio (liña 3), Bacharelatos de Ciencias, de Humanidades e Ciencias Sociais mais dous ciclos, un Ciclo Superior de Técnico Superior en Animación Sociodeportiva e outro de Técnico Superior en Acondicionamento Físico. Temos unha matrícula media por curso duns 540 alumnos/as. O Claustro está integrado por 52 docentes, 41 deles con destino definitivo no Centro (nos que se inclúen 3 mestres e 1 profesora de Relixión Católica).

A maior parte do alumnado procede dos dous centros adscritos que son, o CEIP María Barbeito e o CEIP Raquel Camacho, aunque hai parte do alumnado procedente doutros centros por traslados, expedientes e por vir doutros países, escolarización tardía.

ESO: 350 aprox. *3 grupos-clase de 1º, 2º, 3º e 4º con 90 alumnos de oferta oficial por curso.*

Bacharelato: 90 aprox. *4 grupos-clase de 1º e 2º*

Ciclos Formativos de Grao Superior : 100 aprox.

Total de alumnado matriculado: 530-540 aprox.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O IES Agra do Orzán vén funcionando como tal dende o ano 1969. Foi o 1º Instituto que se creou como Instituto Mixto de Bachillerato, só existían o Instituto Femenino e o Masculino.

A elevada demanda de prazas escolares provocou unha ampliación e unha posterior utilización que desvirtuaron a funcionalidade, a distribución de espazos, de lugares de traballo e estudo, etc... pero en favor da escolarización indiscriminada. Isto representa na actualidade unha notable deficiencia de espazos e equipamentos que precisarían unha ampla remodelación.

Porén, dadas as carencias do barrio, nos seus inicios provocou a utilización do Instituto por outras entidades sociais. Neste punto cabe indicar que parte das dotacións deportivas con que conta o barrio, un Pavillón e unha piscina, foron construídas nos terreos do instituto, perdendo este mais do 50% do seu espazo útil e hoxe son xestionadas por unha empresa privada.

Na actualidade o IES Agra do Orzan é un centro público que escolariza alumnado prioritariamente dos barrios da Agra do Orzán e do Ventorrillo, unha das zonas máis densamente poboadas da Coruña, o que incidiu negativamente no seu momento.

Unha gran parte da poboación do Ventorrillo é de nacionalidade estranxeira o que nos converteu nun dos barrios máis multiculturais e multiétnicos da cidade. Isto tradúcese en que os centros educativos da contorna e en especial o IES Agra do Orzán acolle nas súas aulas alumnado de moitos países diferentes, nestos últimos anos a media de matriculados ronda os 70 alumnas e alumnos de orixe estranxeira. Falamos de 16 nacionalidades diferentes de lugares como Senegal, Costa de Marfil, Romanía, Ecuador, Brasil, Arxentina, China, Perú, Cuba ou Venezuela. Isto supón que algúns dos nosos alumnos se incorporen ao Centro co curso xa comezado e sen coñecer as linguas vehiculares do ensino. Xunto con esta poboación hai que subliñar tamén que están escolarizados alumnos e alumnas de etnia xitana o que se traduce nunha grande diversidade de alumnado que nos obriga a ter que dar resposta a moitas e moi diferentes necesidades presentes no noso alumnado.

O nivel económico é medio-baixo. O barrio do Orzán e Ventorrillo é o que ten a renda máis baixa, situada en 18.606 € anuais por persoa segundo os datos feitos públicos polo Ministerio de Facenda en relación a **renda bruta media no municipio da Coruña**. Se a isto engadimos que o **número de parados e paradas**, segundo os datos publicados polo SEPE afecta especialmente o noso barrio. A todo isto hai que sumar os estragos feitos neste sentido pola Pandemia, deixando a moitas familias en precario.

No que respecta aos TIPOS DE FAMILIAS aínda que existe un número significativo de familias extensas nas que conviven tres xeracións distintas, a maioría delas responden ás seguintes características

- a. **Familias nucleares:** un matrimonio convive cos seus fillos, entre un e dous no caso das familias autóctonas e entre dous e tres entre as familias inmigrantes.
- b. Un número cada vez maior de **familias monoparentais** como consecuencia tanto dunha decisión persoal como froito da evolución social dos últimos anos como por separacións e divorcios dos proxenitores.
- c. **Familias reconstruídas** nas que conviven descendentes de un ou de ambos e fillos/as dos dous en común.
- d. **Familias de etnia xitana** que presentan características especiais froito das súas tradicións e da súa cultura.

O centro leva anos dando pasos no que a dixitalización se refire profundando no campo tecnolóxico xa desde a implantación do programa abalar hai máis de 10 anos, que por desgraza foise deixando morrer por parte da Consellería de Educación ao non investir no seu mantemento e renovación e que hoxe en día, xa non serve, por non cumprir os requirimentos mínimos de conexión e uso. Aínda así conseguimos crear dúas aulas de informática con 30 e 20 postos respectivamente, que tamén están ameazadas pola falta de renovación ao que nos somete a administración.

Implantamos varios plans de formación en ferramentas dixitais para o profesorado tanto a nivel externo como interno contando na actualidade cun 100% en formación básica en: aula virtual, ofimática, tratamento de arquivos e ferramentas de Google.

Este coñecemento tamén se transferiu ao alumnado, sobre todo a través do plan de continxencia, creado por mor da pandemia. Este plan dixital ten unha vinculación directa tanto co PEC como coa programación Xeral anual a través dos seus obxectivos, como por exemplo, vincular ao alumnado coa sociedade actual ou fomentar o uso das novas tecnoloxías. Da mesma maneira o desenvolvemento e fomento da nosa oferta educativa está vinculada de forma específica co Plan Dixital con materias tales como: TIC, programación e robótica.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Existe unha grande cantidade de normativa que fai referencia explícita a necesidade, non so dos centros senón tamén do profesorado e do seu alumnado, de traballar neste eido tecnolóxico. A necesidade formativa e de implementación dixital é patente por exemplo en:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración parte da necesidade de dotar o centro das pautas básicas para afrontar a dixitalización e a implementación tecnolóxica a través dun plan organizado. Unha guía que nos sirva para sacar a diante os obxetivos propostos.

Sen dúbida a obrigatoriedade por parte da administración de elaborar un plan dixital supuxo o empurrón definitivo para implementalo e plasmar no papel algunhas cousas que xa estabamos facendo e grazas o equipo de titorización ADIX ao noso equipo de dinamización o traballo resultounos moito mais sinxelo planificando e temporalizando as reunións a través das diferentes tarefas encomendadas.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

a) INFRAESTRUCTURA

O Centro dispón da infraestrutura básica que prové a Consellería:

- Unha rede cableada con punto de acceso en todas as aulas do centro.
- Tres redes sen fíos, pero cunha capacidade obsoleta que provoca numerosas zonas sen cubrir:
 - Rede ED15005233 para uso interno
 - Rede EDU.Xunta para os profesores e aqueles alumnos aos que se da clave de acceso.
 - Rede ABALAR: Só para as aulas de 1º e 2º de ESO cos equipos de Abalar de profesor e de alumno.

b) EQUIPAMENTO

Tipo de Aula	Ordenador	Proxector	Pantalla	Orixe	Ano
Aulas dixitalizadas de Referencia	11 portátiles	11	11	XUGA	2015
Aulas dixitalizadas de Referencia	3 portátiles	3	3	XUGA	2013
Aulas dixitalizadas de Referencia	4 portátiles	4	4	XUGA	2011
Aulas dixitalizadas de Referencia	1 portátiles	1	1	XUGA XUGA	2009 2015
Aulas dixitalizadas de Referencia	6 sobremesa	6	6	Propios	s/f
Desdobres	2 sobremesa	2	2	Propios	s/f
Laboratorios	3 sobremesa	3	3	Propios	s/f
Aulas específicas	3 sobremesa 1 portátil	4	3	Propios	s/f
Aula PT/AL	4 sobremesa			Propios	2021
Departamentos	2 portátiles			Propios	s/f
Departamentos	7 sobremesa			Propios	s/f
Sala de Profesores	5 sobremesa			Propios	s/f
Salón de Actos	1 portátil	1	1	Propios	s/f
Biblioteca	1 sobremesa de xestión	1	1	Propios	s/f
Biblioteca	5 de consulta			XUGA	2007
DIRECCION e SECRETARÍA	4 sobremesa			Propios	
	2 sobremesa			XUGA	2011

c) AULAS DIXITALIZADAS

Todas as aulas e laboratorios posúen un ordenador, un proxector e unha pantalla.

d) AULAS DE INFORMÁTICA:

Hai dúas aulas de informática-

- Unha con 30 ordenadores para alumnos (15 deles XUGA 2016 e outros 15 XUGA 2007), ordenador do profesor, pantalla (non táctil) e proxector.
- Outra con 20 ordenadores para alumnos (15 deles XUGA 2011)

e) PROXECTO ABALAR

O centro participa desde 2012 no proxecto e ten 8 aulas nel (4 de 1º de ESO e 4 de 2º de ESO). Constan do equipamento da aula (portátil do profesor, proxector e pantalla dixital dos anos 2009 e 2011) e dun carro de carga con ordenadores para alumnos en cada aula cun total de 210 ultraportátiles.

Na actualidade dos 8 carros de carga un non funciona e hai operativos uns (aínda que case obsoletos) 170 ordenadores de alumno

f) XERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS:

O Centro dispón dos seguintes servizos dixitais:

a. Páxina Web

- b. Aula Virtual da que son usuarios todos os profesores e alumnos e que conta cunha aula para cada materia impartida.
- c. Un Dominio propio e asociado a el conta en [Google Workspace for Education Fundamentals](#) que permite un correo “corporativo” para todos os alumnos e profesores e o acceso controlado aos servizos da aplicación. (Terase en conta o cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPD-GDD))
- d. Abalarmóbil: Servizo de comunicación coas familias-
- e. TokApp School: Aplicación de comunicación entre o Centro, o profesorado e as familias.

g) MANTEMENTO

O mantemento do equipamento informático corre a cargo, en primeira instancia do Coordinador TIC, e en segunda instancia dunha empresa.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Unha das fontes empregadas foi a **Autoavaliación SELFIE**. A información do **resumo das áreas do informe SELFIE** de cada etapa educativa podese ver na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas			
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP
A -Liderado	Equipo Direct.		2,6	2,9	3,5
	Profesorado		3,1	2,8	3,3
	Alumnado				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		2,6	2,8	3,3
	Profesorado		2,7	2,3	2,8
	Alumnado		2,7	2,2	2,6
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3,6	2,8	2,9
	Profesorado		3,1	2,7	3,1
	Alumnado		2,9	2,3	3
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3,2	3,3	3,5
	Profesorado		3,1	2,8	3,4
	Alumnado				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		3,8	4,1	4,4
	Profesorado		3,9	3,9	3,9
	Alumnado		3,6	3,7	4
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3,3	3,5	3,3
	Profesorado		3,2	2,8	2,9
	Alumnado		2,8	2,7	2,1
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		2,8	3,5	3,7
	Profesorado		2,9	2,6	3
	Alumnado		2,5	2,1	2,9
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3	3,4	3,9
	Profesorado		3,3	2,8	2,9
	Alumnado		2,8	2,9	2,7

Outras das fontes foi o Test CDD (Competencia Dixital Docente): Pódese ver a información recollida nas táboas A) en relación co perfil do profesorado participante do TestCDD. Taboa B) e C) cos informe grupais do TestCDD do centro e o D) Distribución do profesorado por niveis.

A) . Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	31	40	77,5
PROVISIONAL	7	10	70
INTERINO	3	6	50
SUBSTITUTO	5	8	62
DESPRAZADO	---	--	--

B) Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
74,5	Integrador/a (B!)	76,4	Integrador/a (B!)

C) Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	73,9	Integrador/a (B!)	79,2	Integrador/a (B!)
BAC	71,1	Integrador/a (B!)	77,9	Integrador/a (B!)
F.P	77,4	Integrador/a (B!)	80,3	Integrador/a (B!)

D) . Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	4,3
A2	21	44,7
B1	12	25,5
B2	11	23,4
C1	--	--
C2	1	2,1
TOTAL	47	100

Outras fontes: Outras fontes empregadas para a análise DAFO foron os propios analisis e sondeos que tiñamos feitos sobre as necesidades do centro.

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURA - EQUIPAMENTO	Dispoñemos de infraestrurura e asistencia técnica C1, C2, C3, C8 Existencia de 2 aulas de informática e unha biblioteca interactiva C14	Existencia de equipamento obsoleto
	PERSOAL DOCENTE	- 80% do profesorado traballa coa aula virtual F4, F5 - 2 PFPP cursados en novas tecnoloxías E1 a E4, F1 e F3 - 78% do profesorado con destino definitivo - Existencia dun plan de axuda a profesorado na resolución de problemas con aprendizaxe mixta C12	Descoñecemento de ferramenantas e programas educativos dixitais H10.
	PERSOAL NON DOCENTE	Coas auxiliares de conversa (francés e inglés) facilítase o intercambio de experiencias coas TIC na comunidade educativa F4, F5, D3	
	ALUMNADO	Maior motivación xeracional de cara ao uso das novas tecnoloxías H1 a H15. Dispoñemos de medidas de identificación de dificultades do alumnado relacionadas coa aprendizaxe mixta C11.	Amplia porcentaxe de alumnado sen formación previa (alumnado estranxeiro, e de incorporación tardía...) Escasa capacidade de resolución de problemas ofimáticos e H13
	FAMILIAS	Boa predisposición das familias e colaboración na educación C13.	Falta de coñecementos previos para a resolución de problemas na educ. dixital
	OFERTA	Amplia porcentaxe de alumnado matriculado nas materias de Programación e TIC da nosa oferta educativa H7, H8, H11, H15	Falta de oferta no primeiro curso dunha materia de formación dixital
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Equipo directivo e grande parte do claustro con boa predisposición ao traballo na innovación dixital A1, A2, A3, D3, E4, C5, F8	Falta dun plan interdisciplinar para abordar entre todos as carencias da comunidade educativa. Falta de horas para explorar o ensino dixital A4

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Predisposición da administración a investir en novas tecnoloxías C11 e C12	Aposta case exclusiva de dotación de material para centros Edixgal Investimento e dotación lenta e desigual
	LEXISLACIÓN	Implementación da educación a distancia na lexislación educativa e facilitación da comunicación dixital alumnado/profesorado. E3 e E4	Carga administrativa e burocrática excesiva para o centro educativo
	CONTORNA	Boa relación e colaboración co centro cultural Ágora e asociacións do barrio B3 e B4. Disposición de medidas de identificación de dificultades do alumnado relacionadas coa aprendizaxe mixta. C11OP, C12OP	Barrio densamente poboado, porcentaxe ampla de emigración e nivel socio-cultural e económico medio-baixo
	ANPA	Asociación motivada cara á creación de escola de pais e nais	ANPA en proceso de renovación
	OUTRAS ENTIDADES	Boa colaboración co Concello da Coruña e con empresas deportivas A6	

3. Plan de Acción

Como xa temos indicado, a pandemia foi o punto de inflexión para concienciármonos da necesidade dun sistema educativo dixitalizado que puidese facer fronte ás necesidades da situación actual.

Xorde a nivel europeo o Plan de Acción de Educación dixital (2021-2027) e nos centros educativos comeza a implantarse o Plan dixital de centro. No IES Agra do Orzán créase un grupo de traballo para súa elaboración que se reúne cunha periodicidade semanal.

Partimos dos recursos materiais e humanos existentes e baseándonos no marco da Comisión Europea para organizacións educativas competentes dixitalmente (*DigCompOrg*).

A elaboración dun SELFIE (*Self-reflection on Effective Learning by Fostering the use of Innovative Educational Technologies* 'reflexión persoal sobre unha aprendizaxe efectiva mediante el fomento da innovación a través de tecnoloxías educativas') tendo en conta a opinión do profesorado, do alumnado e do equipo directivo, axudounos a destacar cales deben ser as prioridades do noso centro, o que está funcionando ben e onde é necesario mellorar. Da análise dos datos do SELFIE xorde o noso DAFO (cadro de debilidades, ameazas, fortalezas e

oportunidades) e de aí os primeiros pasos do plan cunhas accións moi claras tiradas dos nosos obxectivos.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

1. Actualizar parte dos equipos existentes
2. Protocolizar un sistema de detección de necesidades informáticas entre o alumnado
3. Utilizar a aula virtual e as ferramentas google for education por parte do 100% do profesorado
4. Mellorar o nivel competencial do alumnado. Implementar un plan específico interdisciplinar de formación para o alumnado por parte de todos os departamentos nas programacións
5. Xerarmos un banco de recursos e contidos para o profesorado.
6. Completar a formación específica do profesorado **OBXECTIVO A LONGO PRAZO**
7. Incrementar a oferta educativa do centro con materias TIC
8. Presionar a Administración para renovación do material informático
9. Idear sistemas alternativos de avaliación en liña para o alumnado enfermo ou ausente.
10. Diseñar un programa mínimo de obradoiros de debate sobre o bo uso das TIC.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": Infraestruturas e equipos (C)						
1. OBXECTIVO (1):	Actualizar parte dos equipos existentes				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo e coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Será o número de equipos que poden actualizar					
Valor de partida (3)	Total 200 portátiles Abalar de alumnado e 20 portátiles aula recursos, biblioteca e aulas					
Valor previsto e data (4)	100 portátiles de alumnado e 20 de profesorado actualizados			Data: 30 de setembro		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Actualizar portátiles Abalar alumnos	Coordinador TIC	30 de setembro 2022	Switch e cables de rede		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Revisar os equipos de aula (profesorado, biblioteca, recursos...) e selección dos que se van actualizar	Coordinador TIC	30 de Maio 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Actualizar equipos e aula (profesorado, biblioteca, recursos...)	Coordinador e técnico	15 de Setembro 2022	Hardware		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: : Pedagogía: Apoios e recursos (E)							
2. OBXECTIVO:	Protocolizar un sistema de detección de necesidades informáticas entre o alumnado.					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O 80% dos cursos teñen que ter creado a listaxe coas necesidades informáticas						
Valor de partida	Documentos existentes para a detección de necesidades TIC						
Valor previsto e data	Reformulación da folia de rexistro e aplicación dos documentos				30 de setembro		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO2.1: Definir os ítems de necesidades	Equipo directivo	10 de setembro	Material funxible			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.2: Crear o documento	Equipo directivo	10 de setembro	Material funxible			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.3: Establecer datas para a entrega e recollida dos datos ao alumnado	Equipo directivo	10 de setembro	Material funxible a documento de recollida de datos virtual			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

“Área/s de mellora”: Desenvolvemento profesional continuo (D)						
3. OBXECTIVO :	Utilizar a aula virtual e as ferramentas google for education por parte do 100% do profesorado.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O 75% do claustro emprega sistematicamente a aula virtual e as ferramentas dixitais para educación					
Valor de partida	O 40% emprega sistematicamente a aula virtual e as ferramentas dixitais					
Valor previsto e data	Cando menos o 75% emprega sistematicamente a aula virtual e as ferramentas dixitais			30 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A03.1: Dar de alta de todo o profesorado nas dúas plataformas	Coordinador TIC	15 de setembro	Equipos informáticos e servidor Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Dar de alta todo o alumnado nas dúas plataformas	Coordinador TIC e profesorado titor	30 de setembro	Equipos informáticos e servidor Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Crear unha enquisa sobre o uso das ferramentas dixitais por parte do profesorado	Coordinador TIC, Equipo Directivo e mais Claustro	15 de setembro	Equipos informáticos e servidor Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Cumprimentar unha enquisa sobre o uso das ferramentas dixitais por parte do profesorado	Claustro	30 de setembro	Equipos informáticos e servidor Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Desenvolver unha sesión de	Coordinador TIC	30 de setembro	Equipos informáticos e servidor		Realizada	

formación para o profesorado sobre o uso destas ferramentas dixitais.			Abalar e aula de informática		Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Elaborar e aplicar unha enquisa avaliativa do uso das ferramentas dixitais	Equipo directivo e coordinador TIC	30 Maio 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: : Pedagogía: Apoios e recursos (E)						
4. OBXECTIVO:	Mellorar o nivel competencial do alumnado. Implementar un plan específico interdisciplinar de formación para o alumnado por parte de todos os departamentos nas programacións.				Acadado	
RESPONSABLE:	Claustro, CCP, Responsable TIC e Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O 75% do alumnado emprega sistematicamente a aula virtual e as ferramentas google for education					
Valor de partida	O 30% do alumnado ermprega sistematicamente a aula virtual e as ferramentas dixitais					
Valor previsto e data	Cando menos o 75% emprega sistematicamente a aula virtual e as ferramentas dixitais				30 de xuño de 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Ter dado de alta todo o alumnado nas dúas plataformas	Coordinador TIC	15 de setembro	Equipos informáticos e servidor Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Tomar acordos no Claustro para a creación do plan específico interdisciplinar.	Claustro	30 de setembro	Equipos informáticos e servidor Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Implementar o plan específico interdisciplinar nas aulas	Profesorado	6 de xuño	Equipos informáticos e servidor Abalar		Realizada	
					Aprazada	

					Pendente	
AO4.4: Elaborar e aplicar unha enquisa avaliativa do uso das ferramentas dixitais	Equipo Directivo e Coordinador TIC	30 Maio de 2023	Equipos informáticos e servidor Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Desenvolvemento profesional continuo (D)						
5. OBXECTIVO :	Xerar un banco de recursos e contidos para o profesorado.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC e profesorado				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe dos departamentos que xeran materiais para o banco de contidos					
Valor de partida	0%					
Valor previsto e data	100% dos departamentos			Xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Crear a estrutura básica do banco	Coordinador TIC	30 de Setembro 2022	Equipos informáticos e servidor Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Impartir sesión de formación do uso do banco de recursos	Coordinador TIC e Claustro	15 de Outubro 2022	Equipos informáticos e servidor Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Dotar de materiais e usar o banco de recursos	Claustro	1 de xuño 2023	Equipos informáticos e servidor Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Elaborar e aplicar unha enquisa avaliativa do uso do banco de recursos	Coordinador TIC, Equipo Directivo e mais Claustro	1 de xuño 2023	Equipos informáticos e servidor Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

a) INFRAESTRUTURA DIXITAL

É necesario renovar integralmente a instalación wifi e o replanteo dos puntos de conexión debido ao mal funcionamento e a falta de cobertura da mesma, así como a reorganización do rack e o seu cableado. Esta petición xa foi realizada a UAC e a Amtega o 19 de novembro con nº de ticket 883610 (wifi) e o saneamento de rack con 874290

b) EQUIPAMENTO

Nas actuais circunstancias, onde se está promovendo o ensino telemático e se está aumentando a carga de traballo dependente da informática, é moito máis importante que nunca contar co equipamento necesario para facer fronte a estas novas exigencias. O deterioro provocado polo paso do tempo (uso e obsolescencia) limítanos significativamente.

A relación de equipamento a renovar é:

- **AULAS DE INFORMÁTICA:** Dispoñemos de dúas aulas unha con 30 postos e outra con 20 postos dos 50 postos para alumnado que suman as dúas aulas, **15 corresponden á dotación de XUGA 2007 e outros 15 á de XUGA 2011** sendo outros 5 dunha antigüidade superior aos 10 anos e só 15 á dotación de XUGA 2016. Ademais o aumento de número e carga horaria das materias que requiren o uso de material informático(tecnoloxía Dixital, Programación, TIC, ...) fan que unha aula con só 20 postos non sexa operativa para atender as necesidades dos grupos. Por isto faise imprescindible dotar a aula con 10 novos equipos para o alumnado ademais de renovar os antigos.
- **PROXECTO ABALAR:** Os 8 ordenadores de aula corresponde ás dotacións de **ABALAR-XUGA dos anos 2011 e 2013** presentando na súa totalidade problemas nas saídas de audio, e dous nas unidades ópticas. Dos 8 carros de carga **1** tivo que ser **retirado** por obsolescencia. E todos portátiles dos alumnos presentan problemas de capacidade para soportar as aplicacións actuais e 40 están fóra de servizo porque as súas baterías no cargan, non podéndose usar nas aulas.
- **BIBLIOTECA:** Os **5 ordenadores** de consulta corresponden á dotación de **XUGA 2007** e teñen problemas para soportar as aplicacións actuais.
- **AULAS DIXITALIZADAS:** Das 33 aulas dixitalizadas (de referencia, específicas e desdobres) só **19 foron dotadas directamente pola Consellería** (8 ABALAR, 1 2009 e 11 XUGA 2011) con portátil, proxector e pantalla dixital con problemas nas conexións e nos teclados. O resto de aulas é de dotación directa do Centro con portátiles e sobremesas, proxector e pantalla en datas diversas.
- **EQUIPOS DA SALA DE PROFESORES E DEPARTAMENTOS:** Os 12 equipos de sobremesa teñen unha antigüidade superior aos 8 anos e son reacondicionados .
- **EQUIPOS DIRECCION, XEFATURA E SECRETARIA:** Los 6 equipos del equipo directivo necesitan ser renovados.

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, será:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O plan Dixital será difundido a toda a comunidade educativa a través da paxina web do centro